



CCOO INFORMA 7/24

BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS

Que autónomos/as terán dereito ao bono?

Poderán ser beneficiarias das axudas reguladas nesta orde:

1. As persoas traballadoras autónomas de alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade de colexio profesional, que na data da solicitude teñan o domicilio fiscal en Galicia e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que na data da solicitude teñan unha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos computados desde a data da solicitude, na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional.
- b) Que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual referida ao ano 2022, inferior a 50.000 euros.
- c) Que teñan unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na declaración referida ao ano 2022.

2. As sociedades de calquera clase, incluídas as unipersonais e comunidades de bens, con domicilio fiscal en Galicia na data da solicitude, e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que na data da solicitude teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional, e que a dita sociedade non fora beneficiaria nin percibira esta axuda nalgunha das cinco últimas cinco convocatorias (2019-2023 ambas incluídas)

No suposto de persoas autónomas administradoras, terán a consideración de autónomo societario se forman parte da sociedade nunha porcentaxe superior ao 25 % da súas participacións ou do 33 % do seu capital, o que deberán acreditar fidedignamente mediante escritura notarial.

b) Que a empresa teña unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído na declaración referida ao ano 2022.

c) Que a empresa teña unha base imponible no imposto de sociedades da declaración realizada referida ao ano 2022 inferior a 50.000 euros (segundo o recadro 552 do imposto do sociedades). No caso de entidades que tributen en réxime de atribución de rendas este importe de 50.000 euros referirase á suma de todos os rendementos netos reducidos (rendementos da actividade económica da entidade solicitante), declarados no IRPF de cada un dos membros da entidade solicitante (modelo 184).

En que consiste a subvención do bono das persoas autónomas?

Poderase conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial das persoas beneficiarias desta orde, unha subvención do 60 % da actividade que se vai subvencionar, cun límite máximo de 7.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables, sendo o resto do gasto por conta da persoa beneficiaria.

Esta axuda terá unha liña de actuación, de mellora da competitividade, a través dos seguintes tipos de investimentos:

- Compra de maquinaria.
- Compra e/ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética.
- Inversións para a substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos.
- Compra de enxoval e ferramentas.
- Reforma do local ou espazo do negocio.
- Equipamento informático.
- Equipamento de oficina e/ou negocio.
- Rótulos.
- Aplicacións informáticas, creación e desenvolvemento de páxinas web, apps e redes sociais.
- Deseño de marca.

Solicitudes

As solicitudes presentaranse no modelo que figuran na convocatoria xunto coa documentación requirida. Deberanse presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Prazo de presentación de solicitudes

O prazo está aberto desde o 16 de xaneiro ata o 29 de setembro de 2024.

Máis información

DOG núm. 6, martes 9 de xaneiro de 2024:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240109/AnuncioG0656-291223-0004_gl.pdf
(código de procedemento TR341D).